




XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE
 MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E
 INFRAESTRUTURAS
 Dirección Xeral de Sostibilidade e Paisaxe

San Lázaro, s/n
 15781 – Santiago de Compostela




Núm.: 85


Concello da Laracha
 Praza do Concello, s/n
 15145 A Laracha
 A Coruña

Xunto informe emitido, con data 10 de maio de 2011, polo Director Xeral de Sostibilidade e Paisaxe, relativo ao Proxecto campo de fútbol e vestiarios no lugar de Xernaña, na parroquia de Caión, en virtude do disposto nos artigos 50 e 51 da normativa do Plan de Ordenación do Litoral, aprobado definitivamente o 10 de febreiro de 2011.

Santiago de Compostela, 19 de maio de 2011

A xefa do Servizo de Ordenación Territorial


 Encarnación **Tejero Zas**



Handwritten text, likely bleed-through from the reverse side of the page. The text is mostly illegible due to fading and bleed-through.





INFORME SOBRE ADECUACIÓN AO PLAN DE ORDENACIÓN DO LITORAL DE GALICIA DE USOS CUALIFICADOS COMO COMPATIBLES

Expediente: OT-11-087

Uso solicitado: Campo de fútbol e vestiarios no lugar de Xermaña, parroquia de Calón

Concello: A Laracha (A Coruña)

Promotor: Concello da Laracha

O Concello da Laracha remitiu un anteproxecto da actuación anteriormente referida, co fin de que se emita o informe previsto nos artigos 50 e 51 da normativa do Plan de Ordenación do Litoral (POL).

Antecedentes

Segundo expresa o oficio do Concello da Laracha, dado que o proxecto afecta a un espazo natural, solicitouse previamente autorización da Dirección Xeral de Conservación da Natureza da Consellería do Medio Rural, que con data do 15/02/2011 emitiu unha resolución pola que se autoriza o campo de fútbol cunha serie de condicionantes.

Así mesmo o escrito municipal expresa que simultaneamente estase tramitando o expediente de autorización autonómica en solo rústico, conforme ao artigo 41 da *Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUG)*.

Consideracións legais e técnicas

O Plan de ordenación do litoral de Galicia (POL) foi aprobado definitivamente por Decreto 20/2011, do 10 de febreiro (DOG nº 37, do 23/02/2011). Os artigos 50 e 51 da súa normativa prevén que para o desenvolvemento de usos ou actividades que o POL cualifica como "compatibles" deberá obterse previamente un informe do organismo competente en materia de ordenación do territorio e paisaxe.

De conformidade co artigo 16.1 do Decreto 316/2009, do 4 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, a Dirección Xeral de Sostibilidade e Paisaxe exerce as competencias e funcións en materia de paisaxe e de ordenación do territorio.

A actuación sobre a que se solicita o informe consiste na construción dun campo de fútbol e dúas edificacións, unha destinada a vestiarios e bancadas para espectadores, e outra a aseos, almacén e ambigú. A parcela na que se localiza o campo está cualificada polo plan xeral de ordenación municipal (PXOM) da Laracha (aprobado o 30/06/2003), como sistema xeral de equipamentos deportivos, en solo rústico de protección natural (solo rústico de especial protección de espazos naturais conforme á LOUG). Nas proximidades, e dentro deste mesmo ámbito dotacional, existe un pavillón polideportivo municipal. A estrada de acceso á parcela está sometida a protección de vistas polo PXOM.

O artigo 46 da normativa do POL recolle unha clasificación dos diferentes tipos de usos ou actividades. Os equipamentos deportivos encadraríanse no apartado 2.g2 do antedito artigo 46 "Outros equipamentos públicos ou privados dos recoñecidos na epígrafe 33.2 g) da Lei urbanística". Por outra parte, o punto 2.j) do artigo 46 refírese a certas actividades que se desenvolven ao aire libre, e as subdivide en dous conceptos:

- *J.1: Instalacións de praia e actividades de carácter deportivo, sociocultural, recreativo e de baño, que se desenvolvan ao aire libre.*
- *J.2: Obras e instalacións imprescindibles para o uso de que se trate, relacionados coas anteriores.*

Para os efectos de aplicar ao anteprojecto remitido a regulación de usos que establece o POL no apartado 2j do artigo 46, cómpre analizar o caso concreto da práctica do fútbol:

- Primeiramente debe ser entendida como unha actividade deportiva que se desenvolve ao aire libre. Como tal estaría englobada no apartado 46.2.j1.
- Poden considerarse como obras imprescindibles (artigo 46.2.j2 do POL): a nivelación do terreo de xogo, a preparación da súa superficie ou a instalación de elementos complementarios como as porterías, etc.
- Non poden considerarse como imprescindibles outras obras e instalacións (como as edificacións que albergan servizos e dependencias complementarias, torres de iluminación, peche perimetral), posto que a súa ausencia non impediría que se puidese desenvolver a actividade deportiva. O conxunto que forman o propio campo e este tipo de edificacións complementarias debe ser considerado como un equipamento deportivo (artigo 46.2.g2 do POL).

A parcela na que se proxecta o campo de fútbol sitúase na área de protección costeira do POL. Ademais está situada dentro da delimitación do espazo natural "Costa da Morte", LIC declarado zona de especial protección dos valores naturais polo Decreto 72/2004. Segundo o plano de usos e elementos para a valoración do POL, os terreos destínanse na súa maioría a prados e cultivos, existindo dúas masas de arboredo de repoboación. A Punta da Atalaia, próxima á parcela, está identificada como punto de observación na ficha da unidade de paisaxe 04_01_150 "Xermaña" do POL.

Ao superpoñerse dúas áreas do POL, cómpre aplicar simultaneamente os dous réximes de usos que establece a súa normativa, neste caso o artigo 54 para a protección costeira, e o artigo 58 (en virtude do que expresa o artigo 59) para o espazo natural ao non existir un instrumento de ordenación específica nese espazo natural. Como consecuencia, o uso de equipamento (artigo 46.2.g2) e as obras e instalacións imprescindibles para as actividades deportivas ao aire libre (artigo 46.2.j2) son usos incompatibles. A actividade deportiva ao aire libre (artigo 46.2.j1) é un uso compatible suxeito a informe deste centro directivo.

Informe

De conformidade co disposto no artigo 51 da normativa do Plan de Ordenación do Litoral de Galicia, ao abeiro do artigo 16.1 do Decreto 316/2009, do 4 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, sen prexuízo doutros informes ou autorizacións legalmente esixibles, e tendo presentes as cuestións anteriormente



expostas, infórmase que o proxecto de campo de fútbol no lugar de Xermaña-Caión (A Laracha), tal e como está formulado en la documentación remitida é un uso incompatible co Plan de ordenación do litoral de Galicia en virtude do artigo 58 do Decreto 20/2011, do 10 de febreiro.

Santiago de Compostela, 10 de maio de 2011

A xefa do Servizo de Ordenación Territorial

Encarnación Nieto Zas


O director xeral de Sostibilidade e Paisaxe



Manuel Barreiro Sanchiz



M.ª Dolores Méndez Torres





Concello da Laracha
Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña
Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331
Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413
C.I.F. P-1504200-E
www.alaracha.es

CONCELLO DA LARACHA

SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO O DÍA 27 DE MAIO DO ANO 2016

No Salón de Sesiões da Casa Consistorial do Concello da Laracha, sendo as 13 horas e 33 minutos do día 27 de maio do ano 2016, baixo a Presidencia do primeiro tenente de presidente, José Ramón Martínez Barbeito (en funcións de presidente por delegación do sr. presidente mediante Resolución 309/2016 do 19 de maio de 2016), coa asistencia dos sres. concelleiros que se relacionan, reúnese o Pleno da Corporación para celebrar, en primeira convocatoria, sesión extraordinaria convocada para este día.

PRESIDENTE

JOSÉ RAMÓN MARTÍNEZ BARBEITO

CONCELLEIROS

Grupo político municipal P.P.

JESÚS SOUTO PENA

RAMIRO BELLO RECOUSO

ALBERTO FUENTES PREGO

JOSÉ ALBERTO BLANCO VEIGA

PATRICIA M^a. BELLO CANEDO

MARÍA DEL ROCÍO LÓPEZ REY

CRISTINA VIEITES CALVO

ADELINA LISTE MONELOS

ANTONIO FRAGA BOLÓN

ANA BELÉN RODRÍGUEZ VILAS

Grupo político municipal B.N.G.

XOAN MANOEL SANDE MUÑIZ

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.alaracha.es> (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)."



Documento firmado digitalmente. CVD: C6hDKKTmDmWKQokAjh+p
CN="IGLESIAS MARTINEZ, MIGUEL (FIRMA)", GIVENNAME=MIGUEL, SURNAME=IGLESIAS, SERIALNUMBER=34897065Q, C=ES
CN=MARTINEZ BARBEITO JOSE RAMON, SURNAME=MARTINEZ BARBEITO, GIVENNAME=JOSE RAMON, SURNAME=MARTINEZ BARBEITO, SERIALNUMBER=76347367V, OU=certificado electrónico
El documento consta de un total de:60 página/s. Página 1 de 60.



Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

CAROLINA CASTIÑEIRAS BRANDÓN

Grupo político municipal dos Socialistas de Galicia-PSOE

ELADIO VERDÍA GARCÍA

JUAN CAAMAÑO REGUEIRA

Grupo político municipal Mixto

ANTONIO ANTELO AÑON

Escusan a súa asistencia

JOSÉ MANUEL LÓPEZ VARELA

Asiste como secretario, o secretario da Corporación, Miguel Iglesias Martínez, que da fe do acto.

Asiste a interventora da Corporación, Rut Presas Pardo.

A continuación o sr. presidente anuncia que procederán a gardar un minuto de silencio, segundo ven sendo costume, en repulsa a toda violencia ás mulleres vítimas de violencia de xénero, indicando o sr. presidente que no que vai de ano 2016 son 18 as vítimas.

A continuación procédese ao exame dos asuntos comprendidos na **ORDE DO DÍA.**

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.-

O sr. presidente pregunta si existe algún reparo ou obxección que formular á acta da sesión extraordinaria do 20 de maio de 2016.

Non sendo formulada ningunha obxección, a acta é sometida a votación, quedando ***aprobada por***

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.alaracha.es> (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)."



Documento firmado digitalmente. CVD: C6hDKKTmDmWKQokAjh+p
CN="IGLESIAS MARTINEZ, MIGUEL (FIRMA)", GIVENNAME=MIGUEL, SURNAME=IGLESIAS, SERIALNUMBER=34897065Q, C=ES
CN=MARTINEZ BARBEITO JOSE RAMON - DNI 76347367V, GIVENNAME=MARTINEZ BARBEITO, SURNAME=JOSE RAMON, SERIALNUMBER=76347367V, OU=certificado electrónico
El documento consta de un total de:60 página/s. Página 2 de 60.



Concello da Laracha
Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña
Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331
Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413
C.I.F. P-1504200-E
www.alaracha.es

unanimidade dos membros presentes.

2.- MODIFICACIÓN DA BASE Nº 20 DAS BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO XERAL DO CONCELLO PARA O ANO 2016.-

O secretario da lectura ao ditame emitido pola Comisión Informativa Permanente de Asuntos Económicos, Facenda e Especial de Contas, en relación co presente asunto, onde se deu conta do expediente formado en relación co asunto do epígrafe sinalando que a proposta da Alcaldía manifesta:

“Esta alcaldía propón ao Pleno do Concello a modificación da Base de Execución número 20ª das aprobadas xunto co Orzamento Xeral para o ano 2016, no relativo ás subvencións consignadas no Estado de Gastos do mesmo, nos seguintes aspectos:

1.- No orzamento xeral do Concello para o exercicio 2016 inclúese, na aplicación orzamentaria 338.489.00, crédito destinado á convocatoria en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a entidades para a celebración de festexos populares. Non obstante, e ao existir unha única comisión de festexos por parroquia, e de cara a unha maior eficacia na xestión administrativa do expediente das subvencións, considérase mellor opción a inclusión das mesmas como subvencións nominativas no orzamento, e o seu posterior desenvolvemento a través dos oportunos convenios reguladores das mesmas.

En sesión Plenaria o día 23 de marzo de 2016 se incluíron como subvencións nominativas os festexos por parroquia, a excepción da parroquia de Lendo.

Para elo propónse a inclusión da subvención nominativa non previstas inicialmente:

- Subvención nominativa á Comisión de Festas de Lendo para o financiamento dos gastos derivados da organización dos festexos populares: 950,00 euros”*





Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

Antonio Antelo Añón, portavoz do grupo político municipal Mixto, manifesta que non veu á Comisión Informativa pero parécelle lóxico que se quedou fora que agora se inclúa.

O sr. Presidente explica que en Lendo no 2015 non houbo comisión de festas e por iso non apareceu no acordo do 23 de marzo de 2016, mais agora apareceu unha comisión de festas que motiva esta proposta.

Xoán Manoel Sande Muñiz, portavoz do grupo político municipal do BNG, di que aínda que se abstiveron no anterior acordo foi porque incluía unha subvención á Guardia Civil, mais agora parécelles lóxico polo que votarán a favor.

Visto o informe da interventora, o asunto é sometido a votación, resultando que o Pleno da Corporación, co ditame favorable da Comisión Informativa Permanente de Asuntos Económicos, Facenda e Especial de Contas, adopta, **por unanimidade dos membros presentes**, o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente a modificación da Base de Execución número 20ª das aprobadas xunto co Orzamento Xeral para o ano 2016, no relativo ás subvencións consignadas no Estado de Gastos do mesmo, consistentes na inclusión da seguinte subvención nominativa non prevista inicialmente:

- Subvención nominativa á Comisión de Festas de Lendo para o financiamento dos gastos derivados da organización dos festexos populares: 950,00 euros

SEGUNDO.- Someter a información pública polo prazo de 15 días hábiles a modificación mediante a publicación de anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da Corporación.

TERCEIRO.- Aprobar con carácter definitivo, sen necesidade de novo acordo plenario, a referida modificación se non se presentasen reclamacións durante o período de exposición pública.

CUARTO.- Publicar un resumo do Orzamento a nivel de capítulos, unha vez aprobada a modificación da base de execución, no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da Corporación, con





Concello da Laracha
Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña
Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331
Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413
C.I.F. P-1504200-E
www.alaracha.es

ofrecemento dos recursos que en Dereito procedan.

QUINTO.- Remitir copia do expediente á Administración do Estado, así como á Xunta de Galicia para o seu coñecemento e efectos oportunos.

3.- EXPEDIENTE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO, TRANSFERENCIA DE CRÉDITO 2/2016.-

O secretario da lectura ao ditame emitido pola Comisión Informativa Permanente de Asuntos Económicos, Facenda e Especial de Contas en relación co presente asunto, onde se deu conta do expediente formado de transferencia de crédito 02/2016 sinalando que na proposta da Alcaldía estúmase procedente tramitar o correspondente expediente coa seguinte xustificación, finalidade e contía:

“En relación co expediente relativo á transferencia de créditos entre aplicacións de gastos de distinta área de gasto que non afectan a baixas e altas de créditos de persoal, en cumprimento da providencia da Alcaldía do día 16.05.2016 emito a seguinte proposta ao Pleno Municipal, de acordo co establecido no artigo 175 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, con base nos seguintes:

ANTECEDENTES DO FEITO

PRIMEIRO. *Ante a existencia de gastos que non se poden demorar ata o seguinte exercicio, para os que o crédito consignado no vixente orzamento da corporación é insuficiente e non ampliable, e xa que cabe efectuar transferencias de créditos doutras aplicacións do orzamento vixente non comprometidas pertencentes a aplicacións de gastos de distinta área de gasto que non afectan a baixas e altas de créditos de persoal.*

SEGUNDO. *Visto o informe de Intervención sobre a lexislación aplicable e o procedemento que se debía seguir e a memoria da Alcaldía de datas 16.05.2016.*



Documento firmado digitalmente. CVD: C6hDKKTmDmWKQokAjh+p
CN="IGLESIAS MARTINEZ, MIGUEL (FIRMA)", GIVENNAME=MIGUEL, SURNAME=IGLESIAS, SERIALNUMBER=34897065Q, C=ES
CN=MARTINEZ BARBEITO JOSE RAMON - DNI 76347367V, GIVENNAME=JOSE RAMON, SURNAME=MARTINEZ BARBEITO, SERIALNUMBER=76347367V, OU=certificado electrónico
El documento consta de un total de:60 páginas/s. Página 5 de 60.



Concello da Laracha
Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña
Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331
Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413
C.I.F. P-1504200-E
www.alaracha.es

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Os artigos 179 e 180 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.
- Os artigos 40 a 42 do Real decreto 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenvolve o capítulo primeiro do título sexto da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, en materia de orzamentos.
- Os artigos 22.2.e) e 113 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.
- A Orde EHA/3565/2008, do 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura de orzamentos das entidades locais.

- A Resolución do 14 de setembro de 2009, da Dirección Xeral de Coordinación Financeira coas Comunidades Autónomas e coas Entidades Locais, pola que se ditan medidas para o desenvolvemento da Orde EHA/3565/2008, do 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais.

Visto o que antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na lexislación aplicable e, por iso, de acordo co disposto no artigo 175 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, o que subscribe traslada o seguinte

PROPOSTA AO PLENO

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente o expediente de modificación de crédito nº 2/2016 do Orzamento en vigor na modalidade de transferencia de créditos entre aplicacións de distinto área de gasto, de acordo ao seguinte detalle:

Altas en aplicacións de gastos

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.alaracha.es> (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)."





Aplicación		Descrición	Euros
342	22706	Estudos e traballos técnicos área de deporte	21659,00
241	64100	Gastos en aplicacións informáticas	10500,00
TOTAL GASTOS			32159,00

Baixas en aplicacións de gastos

Aplicación		Descrición	Euros
151	60000	Investimentos en terreos	32159,00
TOTAL GASTOS			32159,00

SEGUNDO. Exponer este expediente ao público mediante anuncio inserto no Boletín Oficial da Provincia, por quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se houberen presentado reclamacións; en caso contrario, el Pleno dispondrá de un prazo de un mes para resolverlas”.

Antonio Antelo Añón, portavoz do grupo político municipal Mixto, anuncia que vaise a abster.

Eladio Verdía García, portavoz do grupo político municipal dos Socialistas de Galicia-PSOE, manifesta que tamén se absterán, máis que nada polo campo de fútbol que é un investimento demasiado importante e non debería facerse un campo de fútbol por parroquia, xa que sería máis importante centralizar servizos e mellorar as vías de comunicación, xa que Caión está mellor comunicado con Arteixo e Carballo que coa Laracha.

Xoán Manoel Sande Muñiz, portavoz do grupo político municipal do BNG, di que tamén se absterán xa que se trata dun gasto do 2015 que debeuse ter previsto no orzamento de 2016, xa que imos polo noveno recoñecemento extraxudicial de créditos o que non é síntoma de boa xestión da que sacar peito.



Documento firmado digitalmente. CVD: C6hDKKTmDmWKQokAjh+p
CN="IGLESIAS MARTINEZ, MIGUEL (FIRMA)", GIVENNAME=MIGUEL, SURNAME=IGLESIAS, SERIALNUMBER=34897065Q, C=ES
CN=MARTINEZ BARBEITO JOSE RAMON - DNI 76347367V, GIVENNAME=JOSE RAMON, SURNAME=MARTINEZ BARBEITO, SERIALNUMBER=76347367V, OU=certificado electrónico
El documento consta de un total de:60 páxina/s. Páxina 7 de 60.



Concello da Laracha
Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña
Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331
Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413
C.I.F. P-1504200-E
www.alaracha.es

O sr. Presidente manifesta que eles cren que os veciños de Caión teñen dereito ao campo de fútbol e que se trata dun gasto realizado e que procede pagalo, mentres que o outro é unha subvención da Deputación para un portal de comercio e emprego e require de achega municipal.

Visto o informe da interventora, o asunto é sometido a votación, resultando que o Pleno da Corporación, co ditame favorable da Comisión Informativa Permanente de Asuntos Económicos, Facenda e Especial de Contas, adopta, **por once (11) votos a favor dos concelleiros do grupo municipal do PP e cinco (5) abstencións correspondentes aos concelleiros dos grupos municipais do BNG, dos Socialistas de Galicia-PSOE e Mixto**, o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente o expediente de modificación de crédito nº 2/2016 do Orzamento en vigor na modalidade de transferencia de créditos entre aplicacións de distinto área de gasto, de acordo ao seguinte detalle:

Altas en aplicacións de gastos

Aplicación		Descrición	Euros
342	22706	Estudos e traballos técnicos área de deporte	21659,00
241	64100	Gastos en aplicacións informáticas	10500,00
TOTAL GASTOS			32159,00

Baixas en aplicacións de gastos

Aplicación		Descrición	Euros
151	60000	Investimentos en terreos	32159,00
TOTAL GASTOS			32159,00

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.alaracha.es> (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)."



Documento firmado digitalmente. CVD: C6hDKKTmDmWKQokAjh+p
CN="IGLESIAS MARTINEZ, MIGUEL (FIRMA)", GIVENNAME=MIGUEL, SURNAME=IGLESIAS, SERIALNUMBER=34897065Q, C=ES
CN=MARTINEZ BARBEITO JOSE RAMON - DNI 76347367V, GIVENNAME=JOSE RAMON, SURNAME=MARTINEZ BARBEITO, SERIALNUMBER=76347367V, OU=certificado electrónico
El documento consta de un total de:60 página/s. Página 8 de 60.



Concello da Laracha
Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña
Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331
Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413
C.I.F. P-1504200-E
www.alaracha.es

SEGUNDO. Expoñer este expediente ao público mediante anuncio inserto no Boletín Oficial da Provincia, por quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno.

TERCEIRO.- Aprobar con carácter definitivo, sen necesidade de novo acordo plenario o referido expediente, se contra o mesmo non se presentasen reclamacións durante o período de exposición pública, en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo de un mes para resolvelas.

CUARTO.- Publicar un resumo do Orzamento a nivel de capítulos, unha vez aprobada a modificación de créditos, no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da Corporación, con ofrecemento dos recursos que en Dereito procedan.

QUINTO.- Remitir copia do expediente á Administración do Estado, así como á Xunta de Galicia para o seu coñecemento e efectos oportunos.

5.- EXPEDIENTE RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS 9/2016.-

O secretario da lectura ao ditame emitido pola Comisión Informativa Permanente de Asuntos Económicos, Facenda e Especial de Contas en relación co presente asunto, onde se deu conta do expediente formado.

Visto o informe da interventora, o asunto é sometido a votación, resultando que o Pleno da Corporación, co ditame favorable da Comisión Informativa Permanente de Asuntos Económicos, Facenda e Especial de Contas, adopta, **por once (11) votos a favor dos concelleiros do grupo municipal do PP e cinco (5) abstencións correspondentes aos concelleiros dos grupos municipais do BNG, dos Socialistas de Galicia-PSOE e Mixto**, o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- Aprobar o recoñecemento extraxudicial do crédito seguinte:

Provedor	Nº factura	Concepto	Aplicación	Importe (€)
----------	------------	----------	------------	-------------

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.alaracha.es> (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)."



Documento firmado digitalmente. CVD: C6hdDKKTmDmWKQokAjh+p
CN="IGLESIAS MARTINEZ, MIGUEL (FIRMA)", GIVENNAME=MIGUEL, SURNAME=IGLESIAS, SERIALNUMBER=34897065Q, C=ES
El documento consta de un total de:60 páginas/s. Página 9 de 60.

**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

		orzamentaria			
NAOS	04	REDACCIÓN DO PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN PARA UN CAMPO DE FÚTBOL E VESTIARIOS EN CAIÓN, LARACHA	342	22706	21659,00
ARQUITECTOS, S.L.P.	2016 5				

SEGUNDO.- Unha vez que entre en vigor a modificación orzamentaria que se tramita para dotar de crédito a partida 342/22706 na modalidade de Transferencia de crédito entre distintos grupos de función, aplicar dito crédito ao abono da factura.

6.- APROBACIÓN DO PLAN ECONÓMICO-FINANCIERO.-

O secretario da lectura ao ditame emitido pola Comisión Informativa Permanente de Asuntos Económicos, Facenda e Especial de Contas en relación co presente asunto, onde se deu conta do expediente formado, sinalando que na proposta da Alcaldía relativa ao asunto, manifesta:

“Visto o informe emitido pola Intervención municipal o día 11 de Abril de avaliación do cumprimento da regra de gasto en relación a liquidación do Orzamento do exercicio 2015, no cal se establece, visto o resultado de incumprimento da estabilidade orzamentaria e do límite da regra de gasto, a obriga de elaboración dun Plan económico- financeiro.

Visto o Plan económico- financeiro que se acompaña a mencionada proposta, considerando que dito plan é conforme ao determinado nos artigos 19,20 e 21 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira, así como tamén ao disposto no Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, na parte que é de aplicación ás entidades locais,

PROPOÑO, , ao Pleno da Corporación:

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.alaracha.es> (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).”



Documento firmado digitalmente. CVD: C6hDKKTmDmWKQokAjh+p
CN="IGLESIAS MARTINEZ, MIGUEL (FIRMA)", GIVENNAME=MIGUEL, SURNAME=IGLESIAS, SERIALNUMBER=34897065Q, C=ES
El documento consta de un total de:60 páginas/s. Página 10 de 60.



Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

Primeiro: Aprobar o Plan económico-financeiro do Concello de A Laracha, nos termos que constan no documento anexo que se considera parte integrante do presente acordo.

Segundo: Dar traslado do presente acordo á Intervención municipal e ao órgano competente da Comunidade Autónoma que exerza a tutela financeira (Dirección Xeral de Política financeira e Tesouro da Xunta de Galicia) así como o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas a través da plataforma habilitada na Oficina Virtual de Entidades Locais para a remisión dos PEFEL.

Terceiro: Levar a cabo a publicación deste plan seguindo as mesmas normas que as que resultan de aplicación para os Orzamentos das entidades locais, mediante un anuncio no BOP, publicación ésta , que será só a efectos informativos”.

Visto o informe da interventora, o asunto é sometido a votación, resultando que o Pleno da Corporación, co ditame favorable da Comisión Informativa Permanente de Asuntos Económicos, Facenda e Especial de Contas, adopta, **por trece (13) votos a favor dos concelleiros dos grupos municipais do PP e dos Socialistas de Galicia-PSOE e cinco (5) abstencións correspondentes aos concelleiros dos grupos municipais do BNG e Mixto**, o seguinte **ACORDO:**

PRIMEIRO: Aprobar o Plan económico-financeiro do Concello de A Laracha, nos termos que constan no documento anexo que se considera parte integrante do presente acordo.

SEGUNDO: Dar traslado do presente acordo á Intervención municipal e ao órgano competente da Comunidade Autónoma que exerza a tutela financeira (Dirección Xeral de Política financeira e Tesouro da Xunta de Galicia) así como o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas a través da plataforma habilitada na Oficina Virtual de Entidades Locais para a remisión dos PEFEL.

TERCEIRO: Levar a cabo a publicación deste plan seguindo as mesmas normas que as que resultan de aplicación para os Orzamentos das entidades locais, mediante un anuncio no BOP, publicación ésta , que será só a efectos informativos.





ANEXO

PLAN ECONÓMICO FINANCEIRO DO CONCELLO DA LARACHA PARA O

PERÍODO 2016/2017

I. INTRODUCCIÓN

O artigo 3 da Lei Orgánica 2/2012 regula, con carácter xeral, o principio de estabilidade orzamentaria, e ven a establecer que “a elaboración, aprobación e execución dos Orzamentos que afecten aos gastos ou ingresos dos distintos suxeitos comprendidos no ámbito de aplicación desta Lei realizarase nun marco de estabilidade orzamentaria, coherente coa normativa europea”. E defínese a estabilidade orzamentaria das Administracións Públicas como a situación de equilibrio ou superávit estrutural.

O artigo 11 desta norma, ven a instrumentar tal principio de estabilidade orzamentaria ao fixar que tanto a elaboración, como a aprobación e a execución dos Orzamentos e demais actuacións que afecten aos gastos ou ingresos das Administracións Públicas someteranse ao principio de estabilidade orzamentaria. E o artigo 12 adicado á regra de gasto, fixa como a variación do gasto computable das Corporacións Locais non poderá superar a taxa de referencia do crecemento do PIB de medio prazo da economía española.

Non obstante, cando exista un desequilibrio estrutural nas contas públicas ou unha débeda pública superior ao obxectivo establecido, o crecemento do gasto público computable axustarase á senda establecida nos respectivos plans económico-financeiros e de reequilibrio previstos nos artigos 21 e 22 da LOEPSF.

Así, o artigo 21 da Lei Orgánica 2/2012, modificado pola Lei Orgánica 9/2013, de 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público, indica que en caso de incumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, do obxectivo de débeda pública ou da regra de gasto, a Administración incumpridora formulará un plan económico-financeiro que permita no ano en curso e no seguinte o cumprimento dos obxectivos ou da regra de gasto, co contido e alcance previstos neste artigo.





Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

En base ao disposto no artigo 12 da LOEPSF, nos seus apartados 2 e 3, relativos á definición de gasto computable e á competencia do Ministerio de Economía e Competitividade para calcular a taxa de referencia do crecemento do PIB de medio prazo para a economía española, de acordo coa metodoloxía empregada pola Comisión Europea en aplicación da súa normativa, tal taxa será obxecto de publicación e será a referencia a ter en conta polas Corporacións Locais na elaboración dos seus respectivos orzamentos.

Centrándonos xa no límite da regra de gasto, cómpre sinalar que para o conxunto das administracións públicas, a taxa de referencia a ter en conta para o ano 2015, a efectos de calcular a regra de gasto, foi do 1,3. Esta taxa situouse no 1,8 para o exercicio 2016, segundo o acordo publicado no Boletín Oficial das Cortes Xerais do Senado con data 15 de xullo de 2015, polo cal se fixan os obxectivos de estabilidade orzamentaria e débeda pública para o conxunto das administracións públicas para o período 2016-2018.

Por outra parte, con motivo da elaboración e aprobación da Liquidación do exercicio 2015 a Intervención municipal levou a cabo a emisión dos informes correspondentes ao cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, da regra de gasto e do límite de débeda. E de tales informes conclúese o seguinte:

1º.- O concello da Laracha cumpre co límite da débeda xa que do anexo e do informe de Intervención da Liquidación do exercicio 2015 se deduce que o volume de débeda viva a 31 de decembro de 2015 ascendeu a 298.565,36 €, o que supón un **3,99%** dos ingresos correntes liquidados (capítulos I a V de ingresos): 7.467.412,19 €. Dos datos resultantes se deduce que o nivel de débeda así calculado estaría por debaixo do 110% dos ingresos correntes, límite previsto segundo o artigo 53 do TRLRFL.

2º.- O concello de A Laracha incumpe co obxectivo de estabilidade orzamentaria, e de feito presenta necesidade de financiamento consolidada por importe de 45.300,17 €.

3º.- O concello de A Laracha incumpe o límite da regra de gasto nun importe de 1.557.873,74 €.



Documento firmado digitalmente. CVD: C6hDKKTmDmWKQokAjh+p
CN="IGLESIAS MARTINEZ, MIGUEL (FIRMA)", GIVENNAME=MIGUEL, SURNAME=IGLESIAS, SERIALNUMBER=34897065Q, C=ES
CN=MARTINEZ BARBEITO JOSE RAMON - DNI 76347367V, GIVENNAME=MARTINEZ BARBEITO, SERIALNUMBER=76347367V, OU=certificado electrónico
El documento consta de un total de:60 página/s. Página 13 de 60.



Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

En consecuencia, e ante tal incumprimento do principio de estabilidade orzamentaria e da regra de gasto, a aplicación da Lei Orgánica 2/2012, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira fai necesario a elaboración dun plan económico financeiro que lle permita ao Concello recuperar a situación de equilibrio.

Por último, cómpre lembrar que con ocasión da aprobación do Orzamento do exercicio 2016 este Concello cumpre co obxectivo de estabilidade orzamentaria, co límite de débeda e coa regra de gasto para 2016 (esta última calculada segundo unha previsión de Liquidación do exercicio 2015 no momento de confeccionar o Orzamento vixente na actualidade).

II. XUSTIFICACIÓN DO INCUMPRIMENTO

Tal e como se pon de manifesto na introdución, propónse ao Pleno desta Corporación a aprobación do presente plan económico financeiro, de formulación obrigada, xa que o resultado da avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria e da regra de gasto efectuado pola intervención municipal en relación ao expediente da liquidación do exercicio 2015, foi o incumprimento do límite da regra de gasto e da estabilidade orzamentaria.

O incumprimento veu motivado por:

polo importe de facturas pendentes de aprobación a 31 de decembro de 2015 por falta de crédito orzamentario, é dicir, en base o saldo da conta 413.

O incremento no volume de facturas pendentes de imputar o Orzamento a finais de exercicio incumpriu a previsión fixada coa confección do Orzamento do exercicio 2015.

O axuste SEC 95 que se realiza nos empregos financeiros excluídos débedas (a efectos de regra de gasto) con ocasión do saldo da conta 413 foi un dos motivos de que o gasto computable derivado da Liquidación do exercicio 2015 superase en mais da porcentaxe permitida o gasto computable derivado da Liquidación do exercicio 2014 pola incorporación de remanente de tesourería para gastos xerais por importe total de 949.959,41€, dos que se recoñeceron obrigas por importe de 733.574,99 € a través do expediente de Suplemento de crédito e crédito extraordinario nº1/2015 aprobado polo Pleno Municipal o 25 de marzo do 2015 e a través dos expedientes de Incorporacións de remanentes de Créditos.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.alaracha.es> (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)."





Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

Mediante o expediente nº1/2015 de suplemento de crédito e crédito extraordinario incorporouse remanente de tesourería para o destino previsto na DA 6ª da Ley Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira.

Estes expedientes se incorporaron para financiar o seguinte:

1. obrigas pendentes de pago por importe de 74.194,89 €
2. amortizar débeda por importe de 3.441,01 €
3. inversións financeiramente sostibles 600.000
4. Proxecto escola infantil 73.688,38
5. Cubrición polideportivo Otero Pedrayo 198.635,13

Dos citados expedientes chegaron a fase de recoñecemento da obriga os seguintes importes:

1. obrigas pendentes de pago por importe de 74.194,89 €
2. amortizar débeda por importe de 3.441,01 €
3. inversións financeiramente sostibles 426.316,14
4. Proxecto escola infantil 30.987,82
5. Cubrición polideportivo Otero Pedrayo 198.635,13

Agora ben, este incumprimento ten un carácter conxuntural e non estrutural. E todo isto por canto que se trata dunha incorporación financiada con remanente de tesourería para gastos xerais. Fonte esta de financiamento que ten un tratamento orzamentario distinto na Administración do Estado e que fai que o aforro xenerado polo concello non poida quedar á marxe da regra de gasto.

En canto o importe pendente a 31.12.2015 na conta 413, foi tido en conta nos créditos iniciais do orzamento 2016, polo que non suporá unha menor capacidade de financiamento sobre o gasto previsto.

Nos expedientes de recoñecementos extraxudiciais de créditos aprobados polo Pleno Municipal e polo alcalde previa consignación orzamentaria polo pleno, aplicouse aos créditos iniciais o gasto correspondente as obrigas pendentes de aplicar ao orzamento, xa previstos nos créditos iniciais que figuraban na conta 413 a

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.alaracha.es> (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)."



Documento firmado digitalmente. CVD: C6hDKKTmDmWKQokAjh+p
CN="IGLESIAS MARTINEZ, MIGUEL (FIRMA)", GIVENNAME=MIGUEL, SURNAME=IGLESIAS, SERIALNUMBER=34897065Q, C=ES
CN=MARTINEZ BARBEITO JOSE RAMON - DNI 76347367V, GIVENNAME=JOSE RAMON, SURNAME=MARTINEZ BARBEITO, SERIALNUMBER=76347367V, OU=certificado electrónico
El documento consta de un total de:60 página/s. Página 15 de 60.



Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

